

ESTATUTOS ASOCIACIÓN
GATUCHINHOS

TÍTULO I

DENOMINACIÓN, FINS, DOMICILIO E ÁMBITO TERRITORIAL DE ACCIÓN

Artigo 1. Denominación

Constitúese en A Coruña a entidade sen ánimo de lucro denominada Gatuchinhos. A Asociación rexerese polos ditos estatutos, pola Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, e pola demais lexislación existente en materia de Asociacións que lle sexa aplicable.

Artigo 2. Personalidade Xurídica

A asociación ten personalidade xurídica propia e capacidade plena de obrar para administrar e dispoñer dos seus bens e cumprir os fins que se propón.

Artigo 3. Domicilio, ámbito de actuación e duración

Establécese o domicilio social en A Coruña, rúa Orzán 206-208 baixo, con código postal 15003, podéndose trasladar a outro lugar dentro deste municipio, por acordo da Asemblea Xeral. O seu ámbito de actuación será maioritariamente o da provincia de A Coruña, podéndose realizar determinadas actividades dentro do territorio peninsular. A duración da Asociación será por tempo indefinido, podendo ingresar na mesma novos socios ou causar baixa os antigos sen necesidade de nova constitución.

Artigo 4. Fins

A Asociación non terá ánimo de lucro, utilizará coma idioma oficial o galego, e terá coma fins os seguintes:

- Control de colonias de gatos da rúa para evitar a súa proliferación e expansión dos diversos problemas asociados ás mesmas cando estas superan un número aconsellado de individuos.
- Asistencia e no seu caso acollida e busca de adoptante a aqueles gatos abandonados que sigan o criterio da Xunta Directiva.
- Formación e información sobre a problemática do abandono de gatos.

Artigo 5. Actividades

Para o cumprimento dos fins establecidos, a Asociación desenvolverá as seguintes actividades:

- Esterilización de gatos da rúa.
- Posta en marcha de una rede de casas de acollida para aqueles gatos aos que sexa necesario buscar adoptante.
- Difusión polas diversas canles ao alcance da asociación de ditos casos.
- Recollida de fondos destinados exclusivamente a financiar as actividades relacionadas co obxectivo da asociación.

As actividades detalladas non son limitativas, podendo realizar outras non previstas pero que teñan reacción directa co seu obxecto.

TÍTULO II OS ASOCIADOS

Artigo 6. Requisitos para asociarse

Poderán pertencer á Asociación aquelas persoas físicas e xurídicas que, libre e voluntariamente teñan interese no desenvolvemento dos fins da Asociación e vaian a cumprir as regras desta en cada actividade, con arreglo a estes principios:

- As persoas físicas maiores de idade, con capacidade de obrar e que non están suxeitas a ningunha condición legal para o exercicio deste dereito.

- Os menores non emancipados de máis de catorce anos deben contar co consentimento documentalmente acreditado, das persoas que deban suplir a súa capacidade.
- As persoas xurídicas, previo acordo expreso do seu órgano competente.

A condición de asociado é intransmisible.

Artigo 7. Clases de Asociados

Existirán as seguintes clases de asociados:

- Fundadores, que serán aqueles que participen no acto de constitución da asociación.
- Numerarios, que serán os que ingresen despois da constitución da asociación. A admisión de novos socios numerarios terá que ser votada por unanimidade pola Xunta Directiva.
- Honorarios, aquelas persoas que, a xuízo da Asemblea Xeral, axuden de xeito notable ó desenvolvemento dos fins da asociación.

Artigo 8. Dereitos dos asociados

Os asociados terán os seguintes dereitos:

- Participar nas actividades da asociación e nos órganos de goberno e representación. Para poder ser membro dos órganos de representación é requisito imprescindible ser maior de idade, estar en pleno uso dos dereitos civís e non estar incurso nos motivos de incompatibilidade establecidos na lexislación vixente.
- Exercer o dereito de voto, así como asistir á Asemblea Xeral.
- Ser informado acerca da composición dos órganos de goberno e representación da asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade.
- Ser oído con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra el.

- Impugnar os acordos dos órganos da asociación que estime contrarios á lei ou aos estatutos.

Os asociados e asociadas honorarios están facultados para asistir ás asembleas xerais con voz, pero sen voto.

Artigo 9. Obrigas dos asociados

Os asociados terán as seguintes obrigas:

- Compartir as finalidades da asociación e colaborar para a consecución das mesmas.
- Pagar as cotas, derramas e outras aportacións que, con de acordo aos estatutos, poidan corresponder a cada asociado.
- Cumprir o resto de obrigas que resulten das disposicións estatutarias.
- Acatar e cumprir os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno e representación da asociación.
- Acatar o contido dos estatutos.
- Ter unha boa conduta individual e cívica.

Artigo 10. Causas de baixa

Perderase a condición de asociado por algunha das causas seguintes:

- Por renuncia voluntaria, comunicada por escrito á Xunta Directiva.
- Por non satisfacer as cotas fixadas, se deixara de facelo durante tres exercicios.
- Por conduta incorrecta, por desprestixiar á Asociación con feitos ou palabras que perturben gravemente os actos organizados pola mesma e a normal convivencia entre os asociados.
- Por falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica.

A expulsión de asociados e asociadas nos supostos dos apartados primeiro e segundo do parágrafo anterior, será acordada pola Xunta Directiva, logo da audiencia do interesado. O acordo de expulsión deberá ser

ratificado pola Asemblea Xeral Extraordinaria e contra a súa resolución poderase recorrer ante a xurisdición ordinaria.

Artigo 11. Réxime Sancionador

A separación da Asociación dos asociados por motivo de sanción terá lugar cando cometan actos que os fagan indignos de seguir pertencendo a aquea. Presumirase que existen este tipo de actos:

- Cando deliberadamente o asociado impida ou poña obstáculos ao cumprimento dos fins sociais.
- Cando intencionadamente obstaculice de calquera maneira o funcionamento dos órganos de goberno e representación da Asociación.

Nos supostos de sanción e separación dos asociados, informarase en todo caso ao afectado dos feitos que podan dar lugar a tales medidas, e se lle oirá previamente, debendo ser motivado o acordo que, en tal sentido, se adopte.

TÍTULO III ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

CAPÍTULO 1 - O ÓRGANO DE GOBERNO

Artigo 12. A Asemblea Xeral

A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno da Asociación e estará integrada por todos os asociados por dereito propio irrenunciábel e en igualdade absoluta, que adopta os seus acordos polo principio maioritario ou de democracia interna.

Todos os membros quedarán suxeitos aos acordos da Asemblea Xeral, incluso os ausentes, os disidentes e os que aínda estando presentes se abstivesen de votar.

Artigo 13. Reunións da Asemblea

As reunións da Asemblea Xeral serán ordinarias e extraordinarias. As ordinarias celebraranse cada seis meses, para presentar e aprobar, se procede, o presuposto do exercicio en curso, revisar os estatutos e debater as actividades da Asociación. As extraordinarias, nos supostos previstos pola lei, previa convocatoria pola Xunta Directiva ou cando o solicite por escrito un número de asociados non inferior ao 10%.

Artigo 14. Convocatorias das Asembleas

As convocatorias das Asembleas Xerais, tanto ordinarias coma extraordinarias, faranse por escrito, expresando o lugar, día e hora da reunión, así coma a orde do día. Entre a convocatoria e o día sinalado para a celebración da Asemblea en primeira convocatoria haberán de mediar polo menos dez días, podendo así mesmo facerse constar se procederá a data en que se reunirá a Asemblea en segunda convocatoria, sen que entre unha e outra poida mediar un prazo inferior a unha hora.

Por razóns de urxencia, poderán reducirse os mencionados prazos.

Artigo 15. Quórum de validez de constitución e quórum de adopción de acordos

As Asembleas Xerais, tanto ordinarias coma extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a estas, presentes ou representados, ao menos un terzo dos asociados con dereito a voto, e en segunda convocatoria calquera que sexa o número de asociados con dereito a voto.

Nas reunións da Asemblea Xeral, corresponde un voto a cada membro da Asociación.

Os acordos tomaranse por maioría simple de votos das persoas presentes ou representadas, non sendo computables a estes efectos os votos en branco ni as abstencións.

Será necesario maioría cualificada das persoas presentes ou representadas, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade destas, para:

- Nomeamento do Presidente.
- Acordo para constituír unha federación de asociacións ou integrarse en estas.
- Disposición ou alleamento de bens integrantes do inmovilizado.
- Modificación de estatutos.
- Disolución da entidade.

Artigo 16. Facultades da Asemblea Xeral Ordinaria

Corresponde á Asemblea Xeral Ordinaria:

- Nomeamento do Presidente.
- Examinar e aprobar os presupostos anuais e as contas.
- Aprobar, no seu caso, a xestión da Xunta Directiva.
- Calquera outra que non sexa da competencia exclusiva da Asemblea Extraordinaria.

Artigo 17. Facultades da Asemblea Xeral Extraordinaria

Corresponde á Asemblea Xeral Extraordinaria:

- Fixar as cotas extraordinarias.
- Acordo para constituír unha federación de asociacións o integrarse en algunha.
- Expulsión de socios, a proposta da Xunta Directiva.
- Disposición e enaxenamento de bens.
- Aprobar o Regulamento de Réxime Interior.

- Modificación dos Estatutos.
- Disolución da Asociación.

CAPÍTULO 2 - O ÓRGANO DE REPRESENTACIÓN

Artigo 18. Natureza e composición

A Xunta Directiva é o órgano de representación que xestiona e representa os intereses da Asociación de acordo con as disposicións e directivas da Asemblea Xeral. Estará formada como mínimo por un Presidente, un Vicepresidente, un Secretario e un Tesoureiro.

Artigo 19. Procedementos para a elección e substitución de membros

O Presidente será designado por a Asemblea Xeral entre os asociados, en pleno uso dos seus dereitos civís que non estean incursos en motivos de incompatibilidade legalmente establecidos, quen a súa vez elixirá a súa Xunta Directiva nun prazo non superior a 15 días desde a súa elección. O seu mandato terá unha duración de un ano. O exercicio dos cargos será gratuíto.

En caso de ausencia ou enfermidade de algún membro da Xunta Directiva, poderá ser suplido provisionalmente por outro dos compoñentes desta, previa designación por maioría de seus membros, salvo no caso do Presidente que será substituído polo Vicepresidente.

Os membros da Xunta Directiva cesarán:

- Por transcurso do período dos seus mandatos.
- Por renuncia expresa mediante un escrito nos que razoe os motivos.
- Por enfermidade que incapacite para o exercicio do cargo.
- Por causar baixa como membro da Asociación.
- Por acordo da Asemblea Xeral.

Artigo 20. Reunións e quórum de constitución e adopción de acordos

A Xunta Directiva reunirse previa convocatoria, debendo mediar polo menos tres días entre esta e a súa celebración, cantas veces o determine o Presidente e a petición de tres dos membros. Quedará constituída cando asista a metade máis un dos seus membros e para que os seus acordos sexan válidos deberán ser adoptados por maioría de votos. En caso de empate, será de calidade o voto do Presidente ou de quen faga as súas veces.

Artigo 21. Facultades da Xunta Directiva

Son facultades da Xunta Directiva:

- Ostentar e exercitar a representación da Asociación e levar a término a dirección e a administración da maneira máis ampla que recoñeza a lei e cumprir as decisións tomadas pola Asemblea Xeral, e de acordo coas normas, as instrucións e as directrices xerais que esta Asemblea Xeral estableza.
- Tomar os acordos necesarios para a comparecencia ante os organismos públicos, para o exercicio de toda clase de accións legais e para interpoñer os recursos pertinentes.
- Elaborar e someter á aprobación da Asemblea Xeral os Presupostos Anuais e as Contas, así como o establecemento das cotas que os membros da Asociación teñan que satisfacer.
- Convocar as Asembleas xerais e controlar que os acordos que alí se adopten, se cumpran.
- Comunicar ao Rexistro de Asociacións, a modificación dos Estatutos acordada por a Asemblea Xeral no prazo de un mes.
- Presentar o balance e o estado de contas de cada exercicio á Asemblea Xeral para que os aprobe.
- Elaborar, no seu caso, o Regulamento de Réxime Interior.
- Resolver sobre a admisión de novos asociados.
- Nomear delegados para algunha determinada actividade da Asociación.

- Calquera outra facultade que non sexa da exclusiva competencia da Asemblea Xeral.

Artigo 22. O Presidente

O Presidente terá as seguintes atribucións:

- Representar legalmente á Asociación ante toda case de organismos públicos ou privados.
- Convocar, presidir e levantar as sesións que celebre a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva.
- Dirixir as deliberacións de unha e outra.
- Ordenar pagos e autorizar coa súa firma os documentos, actas e correspondencia.
- Adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Asociación aconselle, resulte necesaria o conveniente para o desenvolvemento das súas actividades, sen perxurio de dar conta posteriormente á Xunta Directiva.

Artigo 23. O Vicepresidente

O Vicepresidente substituirá ao Presidente en ausencia de este, motivada por enfermidade ou calquera outro motivo, e terá as mesmas atribucións ca el.

Nel tamén poderá delegar en materias o Presidente.

Artigo 24. O Secretario

O secretario recibirá e tramitará as solicitudes de ingreso, levará o ficheiro e o libro rexistro de asociados e terá ó seu cargo a dirección dos traballos administrativos da entidade. Correspóndelle, así mesmo, notificar as convocatorias, custodiar as actas e expedir certificacións destas co visto e prace do presidente.

Nos casos de ausencia, vacancia ou enfermidade do secretario, o presidente designará entre os vocais a un que desenvolva esta función.

Artigo 25. O Tesoureiro.

O tesoureiro recadará e custodiará os fondos pertencentes á asociación, dará cumprimento ás ordes de pagamento que expida o presidente, levará a contabilidade da asociación, tomará razón e levará conta dos ingresos e dos gastos asociativos, elaborará o borrador de orzamentos da asociación así como as contas de resultados e balances.

O tesoureiro ten a obriga de proceder ao peche do exercicio orzamentario antes do 15 de decembro, co fin de que as contas estean a disposición dos membros da asociación nos quince días anteriores á celebración da asemblea ordinaria

TÍTULO IV O REXIME ECONÓMICO

Artigo 26. Obrigas documentais e contables

A Asociación disporá dunha relación actualizada de asociados. Así mesmo, levará una contabilidade onde quedará reflexa a imaxe fiel do patrimonio, os resultados, a situación financeira da entidade e as actividades realizadas. Dita contabilidade poderá ser levada desde unha Asesoría Contable.

Tamén disporá dun inventario actualizado dos bens. Nun Libro de Actas, figurarán as correspondentes a as reunións que celebren os seus órganos de goberno e representación.

Artigo 27. Recursos Económicos

Os recursos económicos previstos para o desenvolvemento dos fins e actividades da Asociación serán os seguintes:

- As cotas de entrada, periódicas ou extraordinarias.

- As subvencións, legados ou herdanzas que puidera recibir de forma legal por parte dos asociados ou de terceiras persoas.
- Calquera outro recurso lícito.

Artigo 28. Beneficio das actividades

Os beneficios obtidos derivados do exercicio de actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, destinaranse exclusivamente ao cumprimento dos fins da Asociación, sen que caiba en ningún caso o seu reparto entre os asociados nin entre os seus cónxuxes ou persoas que convivan con aqueles con análoga relación de afectividade, nin entre os seus parentes, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas o xurídicas con interese lucrativo.

Artigo 29. Cotas

Todos os membros da Asociación teñen a obriga de sostela economicamente, mediante cotas ou derramas, da maneira e na proporción que determine a Asemblea Xeral a proposta do órgano de representación.

A Asemblea Xeral poderá establecer cotas de ingreso, cotas periódicas mensuais e cotas extraordinarias.

O cerre do exercicio asociativo coincidirá co último día do ano natural.

TÍTULO V DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 30. Causas de disolución

A asociación disolverase:

- Por vontade dos asociados expresada mediante acordo da Asemblea Xeral.
- Por sentenza xudicial firme.
- Polas causas que determine o Artigo 39 do Código Civil.

O acordo de disolución adoptárase pola Asemblea Xeral, convocada ao efecto, por maioría de 2/3 dos asociados.

Artigo 31. Comisión Liquidadora

En caso de disolución, nomearase unha comisión liquidadora. Os membros do órgano de representación no momento da disolución convértense en liquidadores, salvo que a Asemblea Xeral designe a outros, ou nos que o xuíz, no seu caso, decida.

Unha vez extinguidas as débedas, e se existise sobranse líquido destinarase a entidades non lucrativas que persigan fins de interese xeral análogos aos realizados pola asociación.

Os liquidadores terán as funcións que establecen os apartados 3 e 4 do Artigo 18 da Lei Orgánica 1/2002 de 22 de marzo.

TÍTULO VI RESOLUCIÓN EXTRAXUDICIAL DE CONFLICTOS

Artigo 32. Resolución extraxudicial de conflitos

As cuestións litixiosas que poidan xurdir con motivo das actuacións desenvolvidas ou das decisións adoptadas no seo da asociación, resolveranse mediante arbitraje, a través de un procedemento axustado ao disposto pola Lei 60/2003, de 23 de decembro de Arbitraje, e con suxeición, en todo caso, aos principios esenciais de audiencia, contradición e igualdade entre as partes.

En A Coruña, a día de Xaneiro de 2015.